



Concello A Guarda

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 18 DE DECEMBRO DE 2017.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as trece horas do día dezoito de decembro de dous mil dezasete, tivo lugar a sesión extraordinaria urxente da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

D. Miguel A. Español Otero

D. Manuel Javier Crespo Gonzalez

D^a. Teresa Vicente Baz

D. Paulino Rodríguez Gonzalez

Asiste como Secretario o funcionario Secretario Acctal. José Carlos Martínez Crespo.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN DA URXENCIA

Proposta da Alcaldía

O día 31 de decembro de 2017 remata o prazo para a resolución das subvencións solicitadas ó abeiro do Plan Concellos 2017. Dende a propia Deputación Provincial nos envían instrucións no sentido de que a resolución das mesmas esixe unha tramitación no seo da institución provincial e que é necesario que as solicitudes estean presentadas na Deputación antes do día 19 de decembro de 2017. Por elo propoño á Xunta de Goberno Local a aprobación da urxencia desta convocatoria.

A Xunta de Goberno Local acorda, pola unanimidade dos seus membros presentes, aprobar a urxencia.

PUNTO 2.- PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APLICACIÓN DO SOBRENTE DA LIÑA 3 PARA O INVESTIMENTO PEQUENA MAQUINARIA PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS

Visto que se produciu un sobranse na Liña 3 do Plan Concellos 2017 e vista a memoria presentada a esta Alcaldía para a adquisición de pequena maquinaria para o servizo de obras encadrada dentro da liña 1 – Investimentos

propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo

1.-SOLICITAR a aplicación do importe sobranse da liña 3 (9.712,71€) para o investimento da liña 1: Pequena maquinaria para o servizo de vías e obras cun orzamento de 10.104,43.

A Xunta de Goberno Local acorda, pola unanimidade dos seus membros presentes, aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

PUNTO 3.- PROPOSTA DE ALCALDÍA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O INVESTIMENTO “PEQUENA MAQUINARIA PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS

Coñecendo o contido das bases reguladoras do Plan Concellos 2017 da Deputación Provincial de Pontevedra, e vista a memoria presentada a esta Alcaldía para o investimento da liña 1: Pequena maquinaria para o servizo de vías e obras cun orzamento de 10.104,43.



Concello A Guarda

propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:
Primeiro.- Realizar a finalidade obxecto da subvención denominada “PEQUENA MAQUINARIA PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS”, asumindo o compromiso de cumprir as condicións para iso.

Segundo.- Aprobar a memoria descritiva ou documento técnico análogo denominado “PEQUENA MAQUINARIA PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS”.

Terceiro.- Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 9.712,71 euros con cargo ó Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017 asumindo o compromiso de comunicarlle a Deputación de Pontevedra calquera modificación das circunstancias que foron tidas en conta para o outorgamento da subvención.

Cuarto. Colaborar no seu financiamento coa achega da contía de 391,72 euros. O órgano que adopta este acordo é competente para comprometer esta achega.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local acorda, pola unanimidade dos seus membros presentes, aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar o sr. Presidente da por rematada a sesión da que eu, como secretario, dou fe.